TERRA DE OUTES

Revista TRIMESTRAL

Nº15 · xullo - setembro 2011 1€

Neste número:

Eleccións municipais en Outes

A Coviña: 75 anos despois

A aventura do Sta. Rosa e Sta. Eulalia

A crise do pepino e o peche nuclear alemán.

Muíños do Río Tins (III)

e as nosas seccións habituais...

Entrevista a Marujita Tuñas

Editorial

Eleccións Municipais en Outes

Cumpríronse as previsións. O inmobilismo político, endémico no concello de Outes, xermolou novamente o pasado 22-M unha nova maoría absoluta para o partido da dereita. Cantas van xa? Pois nada máis que nove confrontacións electorais, dende aquela primeira do ano 1979, é dicir, tódalas da democracia e varias delas sen tan sequera organizar un acto electoral, o que se vén a denominar un mitin de campaña. Nestas, ás que nos referimos, abondaba con poñer a funcionar a maquinaria de reparto e os resultados faborábeis ficaban garantidos.

4429 papeletas depositadas nas urnas espalladas por todo o termo municipal neste 22-M. Delas, 2891 (65,3%), 279 menos que no ano 2007, avalan unha ampla maioría absoluta dos conservadores (9 concelleiros de 13 posíbeis) e marcan unha clara diferenza; máis que clara, abafante, de 1428 votos co total acadado polas dúas forzas adversarias. Estes datos merecerían unha análise exhaustiva por parte dos politólogos de terse tratado doutro concello de máis enxunlla. Mais, estamos perante o caso dun grande en superficie, pero que ve mingua-la súa poboación cada ano, sobre todo a nova.

Os nacionalistas (BNG) conseguiron se-la segunda forza con 907 votos que lles dan 3 concelleiros, un máis que nas pasadas eleccións do 2007, nas que foran a terceira forza (2 concelleiros), aínda que a tan só 65 votos dos socialistas.

No 22-M os socialistas sufriron un serio revés coa perda de 386 apoios con relación ao 2007, merma esta que os reduce a unha mera presenza simbólica na institución municipal con tan só 1 concelleiro. Este dato non se pode considerar raro, singular ou alleo ao que sucedeu na comarca, onde o PSdeG foi a lista máis votada en Muros e tan só un concelleiro da maioría absoluta. Tampouco hai que esquecer que os conservadores varreron aos socialistas a nivel do Estado; déronlles unha tunda política de moi difícil dixestión. Mais, hai outros factores que analizar ao respecto deste resultado dos socialistas outenses.

O ánimo, denodo do candidato, non só hai que recoñecerllo, é que resulta unha obviedade, sobre todo despois das dificultades que xurdiron á hora de pórse a confecciona-la candidatura. Pero ese denodo, esa intrepidez non se lle pode recoñecer a un parlamentario que preferiu seguir comodamente instalado no pazo do Hórreo denantes de asumi-lo compromiso co seu pobo e comprometerse a encabeza-la lista dos socialistas de Outes, tal e como fixeron outros parlamentarios das tres forzas con representación parlamentaria nas candidaturas presentadas en diferentes concellos de Galicia. Poderíanse citar nomes e apelidos, mais, para que?

Ese desencanto coa clase política, esa marea humana de indignados coñecida como 15-M resulta doada de entender se botamos unha ollada ao comportamento de moitos políticos desta e doutras xeografías Por último, permítasenos facer unha referencia, inda que sexa con brevidade, á porcentaje de persoas que se abstiveron o pasado 22-M. O censo de electoral no noso termo munipal era de 6.329 peroas con dereito a voto. Destas tan só exerceron ese dereito 4.429; xa que logo, a porcentaxe da abstención foi do 30,02 %, tan só superada nesta comarca polo concello de Porto do Son. Se á cifra de posíbeis votantes que se abstiveron lle sumamos a de votos nulos e en branco acádase a nada desprezábel e indesexabel cantidade de 2013 peroas. Indignadas, desmotivadas...?

ÍNDICE

As nosas novas	páxs. 2 e 3
Historia	páxs. 4 e 5
Miscelánea	páxs. 6 e 7
Entrevista	páxs. 8 e 9
Opinión	páx. 10
Ecomía	páx. 11
Páxinas Literarias	páxs. 12 e 13
Etnografía	páxs. 14 e 15
Os papeis de Añón	páx. 16

Director:
Xosé M. Vázquez
Consello de Redacción:
Domingo Campos, Xoán X. Mariño, Manuel do Río, Xan F. García, Ramón Blanco
Edita:
A.C.C. Terra de Outes
terradeoutes@gmail.com
Maqueta e imprime:
Grafinoia, S.L.

Revista Subvencionada polo Cocello de Outes

As redes sociais

No mundo no que vivimos, coas novas tecnoloxías da información, Terra de Outes non podía ser allea aos novos cambios. Polo que, hai unhas semanas, a nosa Asociación abriu unha páxina na rede social Facebook.

Estar nesta rede social permítenos dar a coñecer a cultura de Outes por toda Galicia e resto do Estado Español.

Hoxe en día, xa somos máis de 130 amigos. Temos na páxina os números da nosa revista que se publicaron, así como diversas fotografías para que os amigos de Terra de Outes as poidan ollar cando o desexen.

Para ser amigo de Terra de Outes o único que se precisa é darse de alta en Facebook na páxina **www.facebook.com**, onde se piden uns datos para o rexistro na citada rede.

O número que se nos permiten ter de amigos é ata 5.000, polo que os lectores da revista *Terra de Outes* que queiran ser amigos, se están rexistrados na rede social, simplemente deben entrar no noso "perfil" e solicitarnos como amigos. Ánimo e adiante!!

Presentación da revista

O pasado 16 de abril, a nosa Asociación levou a cabo no local social de Outes unha serie de actos, que comezaron ás 12 da mañá coa presentación do nº 14 da revista *Terra de Outes*, a cargo de Ramón Blanco, membro do seu consello de redacción, que foi debullando amenamente o contido de cada unha das sección habituais e a participación dos asiduos colaboradores e colaboradoras.

A esta primeira parte seguiu unha comida a base de paella, preparada polo noso "chef" Xesús Mato, e filloas, elaboradas polo reposteiro maior da asociación, Xastre. Café e chupiños alongaron a sobremesa ata as 7 da tarde.

A esa hora Xoán Mariño, presidente de *Terra de Outes*, puxo fin aos actos da xornada coa proxección dunha reportaxe fotográfica dos milicianos e milicianas republicanas, musicada con cancións da guerra civil, que serviu para conmemorar o 80 aniversario da República e mais homenaxear aos heroicos defensores da liberdade e da democracia que ofreceron a súa vida fronte aos militares franquistas que hai 75 anos se sublevaron contra a legalidade republicana.

Día das Letras Galegas

O día 14 de maio, a nosa Asociación organizou a presentación do libro *"Dicionario" Lois Pereiro*, un completo estudo, con todos os datos e a análise da súa obra, sobre o escritor ao que a Academia lle dedicou o Día das Letras Galegas 2011 que ademais leva un limiar do presidente da RAG, Xosé Luís Méndez Ferrín.

No acto, que tivo lugar na biblioteca da Casa da Cultura, interviron Xoán X. Mariño, presidente da A.C. *Terra de Outes*; Ramón Blanco, profesor de Literatura Galega; Amancio Liñares, director da editorial *3C3*; e a propia autora, Mª Xesús Nogueira, profesora da USC, quen foi repasando o máis destacado da vida e da obra do escritor, ás cales se accede no libro a través das diferentes «entradas», perfectamente clasificadas con cadros sinópticos, recursos e actividades para traballar co alumnado na aula, xunto coa selección de textos e sección de imaxes, que o fan máis ameno.

Homenaxe a Luis Barrena

O próximo 21 de agosto, Terra de Outes homenaxeará ao deputado republicano Luis Barrena cando se cumpre o 75 aniversario do seu desapiadado asasinato, ao pé do monumento ás vítimas do franquismo de Muros e Outes, que a nosa Asociación ergueu no lugar do Freixo no que precisamente caera abatido polas balas falanxistas. No acto, no que esperamos contar coa presenza dun representante da familia do deputado asasinado, inauguraremos tamén o pavimento que a nosa Asociación vai construír en torno ao xardín que rodea o monumento, que, xunto cos loureiros plantados no mes de xaneiro, daranlle a dignidade que merece o recordo de todos aqueles que sacrificaron a súa vida pola liberdade.

A Coviña: 75 anos despois

Xoán Fco. García Suárez

Encoméndanme para esta ocasión que dedique unhas liñas ao acontecido o 21 de agosto de 1936 no lugar de A Coviña (O Freixo). Lembrarán vostedes que xa no número 4 desta publicación (novembro de 2008), se relataban os acontecementos que remataron traxicamente no vil asasinato do deputado Luis Barrena y Alonso de Ojeda.

Nese mesmo número facíase referencia aos actos de homenaxe que a Asociación Terra de Outes, responsable desta publicación, ofreceu ás vítimas do franquismo desta comarca precisamente nese lugar, co levantamento dun monolito e, así mesmo a conversión deste lugar xa no ano 2009 no *Xardín da Memoria,* grazas ao esforzo e dedicación dun fato de compañeiros. Debo recoñecer que, cando me fixeron o encargo que ocupará este espazo, veume á cabeza unha estraña sensación, non en clave negativa, mais si como de reincidir nun feito xa tratado e de pouco interese.

Efectivamente, trátase da síndrome do pasotismo ou algo así, que ten narcotizada a boa parte desta sociedade. Menos mal que algúns estamos inmunizados.

Miren vostedes: o coñecemento da nosa historia, nomeadamente a historia máis recente continúa provocando intencionadas manipulacións e terxiversacións. Isto é un sinal de que algo non funcionou aquí. Proba ben fresca do que estou a afirmar é a recente publicación do *Diccionario Biográfico* da "Real Academia de la Historia", que, a pesar de que á hora de redactar este artigo non tiven a ocasión de examinalo, polo que se escoita pola voz de numerosos historiadores e investigadores, non vén ser máis que unha recopilación da historia do franquismo tratada desde o franquismo. Parece incrible!! Pero é así.

Cando se fala da Guerra Civil Española, en ocasións téndese a enmarcar este episodio xustamente hai 75 anos, o ano que a dereita, a Igrexa e Franco se ergueron contra a democracia, ou como moito prolóngase ata a toma do poder de Franco, en 1939. Pero a realidade histórica, estudada, constatada, certificada, testemuñada, é terca e fainos ver que se aínda no Estado español existen as "dúas Españas" é porque a Guerra Civil non rematou en 1939 nen sequer cando morreu o ditador, en 1975, senón en 1981 co golpe de Estado de Tejero, polo que non son 75 os anos que pasaron, senón 30. Polo tanto non é de estrañar o acontecido co *Diccionario Biográfico* da Real Academia (que custou 6,4 millóns de euros), no que se manifesta claramente unha desas Españas, a que recoñece os feitos pero non explica as razóns deses feitos. En suma, ocúltase e desprézase aos auténticos mártires, aos que logo de facelos desaparacer fisicamente, queren que tampoucon aparezcan na Historia. A eliminación total.

De feito, certo partido político agardou ata 2002 para "condenar" a ditadura. Pero o mesmo ocorre no ensino obrigatorio, onde o coñecemento da Historia apenas ocupa espazo e onde a República e a Guerra Civil compoñen a mesma unidade didáctica. Nesta, a República queda como un período de revoltas, crimes, igrexas queimadas e enfrontamentos entre falanxistas e obreiros, mesturando todo, incluso o dereito constitucional de folga coa represión da dereita, como facían Gil Robles ou Calvo Sotelo nos seus mitins para incitar ás súas bases á rebelión. E califica a Franco como *"militar de incomparable valor"*. E estamos a falar da Historia de España, imaxinen a Historia de Galiza!

Lembran aquilo de *"perros que ladran su rencor por las esquinas*", artificio oratorio dedicado aos galegos e galegas que se manifestaron con Nunca Máis? Estas frases tamén deberían pasar á Historia e á biografía de quen as di.

A España rancia, a da intolerancia, segue falando en moitas cadeas de radio e TV, confundindo a un que escoita e que xa non sabe se o que fala é un bispo, un político carca ou un nostálxico militar.

Non nos enganemos, por moito que digan hai dúas Españas. E menos mal que o exército é profesional.

Por todo isto merece ser recordado Luis Barrena, e tamén o merecen Maximino Martínez, e Cipriano del Río, e Castelao, e Bóveda, e García Lorca, e xunto con eles todas as vítimas do franquismo de Outes, de Muros de Noia, de toda Galiza e de todo o Estado. Eles forman parte da Historia, desa Historia que se oculta en moitos libros. A herdanza que nos deixaron ninguén poderá combatila. Non son mortos, son semente de vencer!!

(A Fali, Xan Mariño, Xastre, Xesús, Kiko, Ramón, Pancho e a todos/as quen ergueron esa bandeira de pedra).

Optica OLLOS

A Óptica da túa confianza!

Malecón de Cadarso, 3 (Xunto a ponte de San Lázaro) - **Tlf. 981 82 42 60**

N O I A

A aventura do Sta. Rosa e Sta. Eulalia

Xoán X. Mariño

A odisea dos bous Sta. Rosa e Sta. Elalia, de cuxo inicio se cumpren agora 75 anos, comezou o 24 de xullo de 1936, cando as autoridades republicanas de Noia, diante da evidencia do trunfo dos militares rebeldes en Santiago, que enseguida procederon a deter e executar a todas as personalidades republicanas destacadas, se puxeron en contacto co alcalde accidental de Muros, Xosé Veloso, para estudar un plan de fuxida por mar de todos os leais á República.

O alcalde muradán comunicou a presenza de dous vapores de pesca na súa dársena que poderían ser utilizados para a evasión cara a un porto seguro. En Noia, o alcalde Severino Iglesias, á fronte dun comité formado por dirixentes políticos da Fronte Popular, sindicalistas e o capitán dos Carabineiros, Francisco Marín, telefoneou aos alcaldes de Lousame, Porto do Son, Boiro e Outes para ofrecerlles sitio en ámbolos dous buques a todos os que quixesen poñerse a salvo da salvaxe represión desatada polos militares.

Os plans de fuxida, xa en marcha desde a alerta enviada polo telegrafista Xeneroso Souto desde Santiago, avisando que as tropas do cuartel de Artillería se estaban preparando para saír cara a Noia o día 26, precipitáronse cando un hidroavión, saído da base naval de Marín, bombardeou a vila na madrugada do sábado, 25 de xullo.

Unha nova chamada á alcaldía de Muros serviu para confirmar a incautación de ámbolos dous bous, cuxa tripulación foi reclutada case ao completo polas autoridades municipais. Ao mesmo tempo, en Noia mobilizáronse uns dez ou doce coches e os camión que unha semana antes, no comezo da rebelión militar, foran utilizados polos mineiros de S. Finx para desprazarse primeiro a Santiago e logo á Coruña en infrutuoso auxilio ao goberno civil, que resistiu apenas dous días o ataque dos militares golpistas.

Ás 10 da noite comezou a organizarse a evacuación de máis de 100 persoas, entre alcaldes, concelleiros, dirixentes políticos, sindicalistas, mestres e algúns outros cidadáns de Noia, Lousame, e Porto do Son e Boiro comprometidos coa causa republicana, xunto con 35 carabineiros destas localidades.

A comitiva partiu en torno ás 12 da noite e ao seu paso por Outes recolleu aos sindicalistas **Adelino Freire** e **Eligio Pedrosa,** de Pontenafonso; o dirixente da CNT **Maximino Martínez**, de Ceilán; **Manuel Ramos,** de Ribademar; e o carpinteiro de Outes **Manuel Rama.**

Pasada a unha da mañá, chegou a caravana a Muros, onde agardaban o alcalde Manuel Tubío, o tenente de alcalde Xosé Veloso, algúns edís, dirixentes sindicais, mestres, mariñeiros e outros 30 carabineiros desta praza e da de Cee.

A partida estivo protexida por algúns mineiros de S. Finx, que rexeitaran marchar, confiando na pronta derrota dos sublevados, e se comprometeran a voar un dos arcos da Pontenafonso no caso de que o exército apurase na súa persecución, o cal non chegou a suceder porque as tropas entraron en Noia no mencer do domingo 26, cando os barcos xa saíran de porto moitas horas antes.

Os que decidiron quedar foron sometidos a unha persecución implacable; moitos foron asasinados sen xuízo previo, como foi o caso do deputado republicano **Luis Barrena** e varios mineiros de Lousame; máis dunha ducia foron fusilados logo de xuízos sumarísimos, como o sindicalista da Pontenafonso **Ciprinao del Río;** outros moitos foron obxecto de durísimas condenas de cárcere, como as que padeceron **Avelino Freire**, sindicalista de Ceilán e **Manuel Eladio Pérez**, albanel de Coiradas; un número elevado foi condenado ao desterro, como o carteiro **Manuel Barreiro** e o zapateiro **Eladio Gómez,** ambos os dous da Serra, en Ponteolveira e Ávila, respectivamente; incontables foron os castigados con cuantiosas multas ou expulsión dos seus postos, como sucedeu cos mestres de Outes **Claudino Pais**, **Vicente Suárez**, **Florindo Campelo**, **Manuel Blanco** e **Eugenio Romero;** e moitísimos foron presa de malleiras inmisericordes e outras aldraxes como as que sufriron durante anos o zapateiro **Manuel Lage** e os obreiros **Ramón *de Balbina***, **Germán Suárez** e **Juan Mourís**, os catro da Serra.

Entrementres, os fuxidos, logo de saber por radio que os portos do Cantábrico eran seguros, puxeron rumbo a Bilbao, sorteando a vixilancia marítima do cruceiro *Almirante Cervera* e despois enganando a algúns avións de recoñecemento coa simulación de manobras de pesca.

A tripulación do Cervera observando as manobras dun bou.

A primeiras horas do día 28 de xullo, despois dunhas 50 de travesía, arribaban a Portugalete, onde foron recibidos entre aclamacións. A maioría pasou a engrosar as filas do exército republicano, como **Maximino Martínez**, **Adelino Freire** e **Manuel Ramos,** que, xunto 27 noieses e 6 muradáns, se integraron no *Batallón Galicia*; algúns deles pereceron nos combates defendendo Bilbao, Santander e Xixón. Un gran número conseguiu pasar a Francia e logo marcharon exiliados a América, pero uns poucos sumáronse ás filas da resistencia cando os nazis invadiron territorio francés, como foi o caso de **Eligio Pedrosa**, que, tras ser capturado, foi enviado ao campo de exterminio de Mauthausen, ao que logrou sobrevivir, para residir ata a súa morte no país de acollida. Uns cantos foron feitos prisioneiros á caída da fronte, e, en virtude do auto de procesamento aberto por sedición contra todos os fuxidos nos bous Sta. Rosa e Sta. Eulalia polo xuíz de Muros Emilio Bartolomé, condenados a penas de morte ou de presidio. Pola súa parte **Maximino,** que chegou a acadar o rango de tenente no Exército republicano, optou por proseguir a loita na guerrilla antifranquista, ata a súa detención, tortura e asasinato a mans dos falanxistas na Fonsagrada, xunto a 14 irredutibles camaradas que decidiran continuar combatendo ás ordes do comandante Moreno.

GASTRONOMÍA

EMPANADILLAS DO AREAL

Juan/Marga

Ingredientes da masa:

2 kg. de fariña
2 ovos
1 chupito de aceite de oliva
30 grs. levadura
sal

Ingredientes do recheo:

4 bistés de tenreira
2 dentes de allo
2 cebolas
1 pemento

Elaboración (4 persoas):

Nun bol mesturamos ben todos os ingredientes da masa e deixámola levedar sobre 30-40 minutos cuberta cun pano húmido.

Na espera farémoslle o rustrido co allo, a cebola e o pemento, todo ben picadiño.

Coa mesma, noutra tixola volta e volta, pasaremos os bistés sazonados, e de seguido picámolos en anaquiños.

Sen demora sumámoslle á masa dito recheo co rustrido e os anaquiños de bisté, dándolle a forma das empanadillas; e despois douramos con abundante aceite.

Sen máis, servir nunha bandexa, e bo proveito!!.

CARTAS AO DIRECTOR

O HOME QUE ÍA ACABAR CO PARO

Sr. director:

Malia levar xa moito tempo nos ámbitos colaterais da vida política sigo a observar que moitos políticos en exercicio mudan o seu discurso sen ningún tipo de complexos a teor das súas conveniencias. A única explicación que atopo é que coa dignidade pasa coma coa liberdade: se non se exercen acaban por perdérense. Esta convición é plenamente coincidente coa expresada por Xosé Manuel Beiras Torrado (Galicia Hoxe, 16-08-11). Ámbalas dúas, dignidade e liberdade, cómpre exercitalas acotío, ao igual ca tódolos músculos se non se queren perder, ou non se desexan minguar. Sen liberdade nunca pode haber dignidade; pero é posíbel a liberdade sen dignidade, sr. director? Eis un dilema que cómpre desencriptar.

Son consciente que a dobre moral de moitos políticos lévaos a minimizar os erros e corruptelas dos compañeiros de formación e a magnífica-los dos rivais. Unha eiva máis, unha clara tacha de diginidade, mais non de liberdade. Xa que logo, a liberdade resulta posíbel sen dignidade. A liberdade é unha facultade do ser humano para obrar dun xeito ou doutro, ou non obrar; sendo esta persoa responsábel das súas obras, ou da súa omisión. A digninidade conséguese a base de exercicio. Unha persoa é digna polos seus actos, mais nunca polas súas omisións, senón polo seu comportamento decoroso.

O home que ía acabar co paro no ano 2009 en Galicia ten tres de cada dez mozos galegos menores de trinta anos sen traballo no ano 2011. U-la dignidade? Pero a liberdade para asevera-lo contrario non lle é negada; si, ou non, sr. director? E el fai un exercicio indigno desa liberdade de expresión? Claro que si! Non hai un exericio de dignidade, pero si de liberdade. Liberdade indigna, quizabes?

Cando o concello de Outes lle outorga a súa máxima distinción (o Sancosmeiro) ao home que ía acabar co paro en Galicia está a facer un exercicio digno, ou unha obra de servilismo indigno á unha cúpula da quenda política da formación á que o rexedor pertence para poder acadar determinados favores perdidos? Liberdade hai para poder facelo; pero é un exerccio ou un acto de de dignidade? Xa que dignificar significa presentar como tal a unha persoa nobre, seria, que merece polos seus actos un recoñecemento, ou un mérito, é este o caso? E que significa dignificar no concello de Outes? Pois, nin máis nin menos que un acto, acción ou decisión de poñer ao servizo do rexedor a facultade de outorgarlle ou agasallar algo a alguén en recoñemento dos seus deméritos. Neste noso caso concreto, sr. director: o recoñecemento ao home que ía acabar co paro e o multiplicou. Que paradoxo, sr. director, no seu concello de Outes!

Na política galega, sr. director, tanto a nivel autonómico coma local, impera un espírito acomodaticio que condiciona tódalas políticas segundo as quendas gobernantes. Eu desexo que remate axiña este tempo fúnebre que domina a sociedade e ese vulgarismo inoperante, esa indigna mediocridade e ese desmelenado nacionalismo españolista que actúa sen complexos en contra dos dereitos das nacións periféricas. Poderei velo algún día? Non creo! Porque, por desgraza, sempre hai quen se deixa quenta-los miolos por cenáculos e diversos medios de comunicación do máis rancio españolismo centralista que se erixen en dirixentes e voceiros de todo o Estado.

Rosa Gosende. Lantarou.

ENTREGA DOS PREMIOS DE POESÍA "FRANCISCO AÑÓN"

O pasado 17 de maio, o concello de Outes entregou os premios do certame de poesía *Francisco Añón*, que este ano chegou á súa XV edición.

Na ceremonia, que tivo lugar na Casa da Cultura da Serra, o xurado deu a coñecer o nome dos galardoados no certame do presente ano e entregóuselle a cada un o premio correspondente.

Ademais, no comezo do acto, entregáronse a cada un dos gañadores na edición anterior un lote de libros coas poesías premiadas en cada categoría, entre os que figuraba, como vencedora na máxima categoría, a escritora outense **Olalla Tuñas**, asidua colaboradora da nosa revista, de quen o xurado da edición anterior (formado pola escritora Marta Dacosta, as profesoras Mª Luz Barreiro e Mª Carmen Iglesias, o escritor Eduardo Estévez e o concelleiro de Cultura, Manuel García) valorou especialmente a aposta formal, o cosmopolitismo non pretensioso da temática e a actualidade na forma, destacando a ligazón que fai dende o universal á cultura propia, segundo se recolle nas actas que figuran na edición do libro *XIV certame Francisco Añón de Poesía*, cos que se agasallou tamén a todos os asistentes.

Os nosos parabéns para a nosa magnífica escritora, gañadora xa de varios premios por toda Galicia.

Rutas e camiños alternativos

"Que din os rumorosos na costa verdecente..."
Un ano máis seguimos coa nosa proposta persoal dun grupo de amigos de levar a cabo unha nova ruta alternativa ao longo e ancho do noso terruño colindante máis "cercano", e neste particular tocoulle andar das terras "de Añón ás de Pondal", ou o que é o mesmo, Outes-Ponteceso... 64 kms. En principio toda unha odisea de "zapatilla", e máis en vésperas de eleccións... Coincidencias á parte, unha vez máis foi un éxito rotundo, como xa vén sendo habitual en vista dos episodios de anos anteriores: "Serra-Muxía" por dúas veces, "Serra-Fisterra", "Serra-Santiago", "Serra-Pobra do Caramiñal", e (a máis dura con diferenza) 74 kms. "Serra-Callón", ¡¡insuperable!!
Nestas probas dun só día, hai que ter en conta moitas variables, as forzas, os peíños, a cabeciña, o tempo climatolóxico e mailo outro, pois son longas horas de pateo, ata 15 lle largamos cos tempos de fotos, estiramentos, cafés e comida lixeira.
Saímos ás 5,30 da mañá aínda medio sonámbulos polas horas temperás para aproveitar a fresca, pero co afán de ver realizado o traxecto dos cerca de 65 kms. Sen máis novidades cás previstas, algo de cansazo, algunha que outra magoadura nos pés; pero o importante é non desfalecer no intento, pois a compañía é máis que grata e iso si que tira para diante, un pé despois do outro... Nesta andaina tivemos unha baixa inesperada do noso amigo Manolo "Pelucas", e por outra banda sumóusenos a compañeira e moi atrevida Marisa "de Barreirán", que cumpriu con moi boa nota o expediente. Ademais, como xa vén sendo habitual, os míticos "Juan" Américo, "Manu " Martínez e mailo incombustible "Lolo" Prol. Todos membros da Asociación Terra de Outes.
No discurrir da xornada encontramos de todo (iso si, máis cans que persoas): paisaxes abruptas, longas explanadas a millo que xa aburrían, e máis do mesmo, ata que dislumbramos a poucos kms. da meta o MAR, bendito mar, cambiándonos de súpeto o semblante bucólico que levabamos arrastrando horas atrás, volvendo ver o terruño de minifundios, "miñas cunquiñas queridas de color e vida".
Neste particular periplo atravesamos seis concellos: Outes, Mazaricos, Vimianzo, Zas, Cabanas de Bergantiños e mais o que lle dá nome á meta. Os lugares de Roo, a costa da Carballa da Cova, Suevos, Baíñas, Culúns (cun cruceiro de tres varais no adro da igrexa que non hai outro coma el), Ponte Olveira, Baio, etc., e un pouco antes das 8 baladas o ansiado Ponteceso. A nosa máis sentida homenaxe aos dous bardos.
De volta á casa e na posterior cea xa andivemos maquinando o próximo proxecto, do que acabamos denominando "Rutas e Camiños Alternativos".
¡¡Unha aperta, amigos!!
..."¡Mesmo entrar non quixera na gloria sen primeiro pasar por aí!".

Xastre

Concurso de pesca infantil no Río Tins

Sabino Lema, gañador na categoría de 8 a 14 anos

A sociedade de caza e pesca "Os Labercos" realizou o pasado 19 de xuño, coma todos os anos, un concurso de pesca no río Tins para os máis pequenos. Nesta ocasión contouse con rapaces de tres a doce anos. Para poder realizalo, a directiva desta entidade tivo que telo solicitado á Consellería do Medio Rural cunha antelación de varios meses. Do mesmo modo, tamén se pediu unha solta de troitas adultas, as cales, unha vez concedidas, trouxeron axentes do Distrito de Noia, e botáronse ao río a noite antes, para que se fosen adaptando ás augas deste cauce.
O día do concurso, dirixímonos ao paseo fluvial, concretamente á zona do concello ou casa da cultura, e os concursantes, acompañados dun adulto, comprobaron que estaban anotados na lista, feita con anterioridade no "Bar Lino". Observando nadar as troitas de un lado ao outro, comezaron as ansias e sobre as 9 da mañá empezou o campionato, cada un coa súa cana e a súa modalidade, miñoca, cucharilla, etc. Esperábase con impaciencia que picase algunha, e de vez en cando oíase con alegría e emoción desbordada o grito de ¡¡teño unha, teño unha!!
Foi pasando o tempo, e víanse caras moi alegres que non paraban de pescar, e ao mesmo tempo falar cos seus familiares das capturas que tiñan no cesto. Outros un pouco mais tristes, pero aínda coa esperanza de que lle entrase algún exemplar. Tamén se vía algún pai que as quería pescar el en vez do fillo, coa conseguinte bronca dos alí presentes.
Chegamos á unha do mediodía e remata a xornada da pesca; os participantes íanse acercando ao lugar preparado para o control das pezas, onde se anotaba o número e peso. Unha vez finalizada esta anotación deuse paso aos trofeos. Fíxose entrega dos primeiros premios, pero todos acabaron sentíndose campións, porque do primeiro ao último acabaron recibindo o seu agasallo: copas, medallas, canas…
E para recuperar forzas despois dunha mañá moi activa, a directiva ten preparados uns pinchos e refrescos para todos os rapaces e acompañantes, unhas boas tortillas, embutido e empanada, que sentan de marabilla na beira do río antes de marchar para a casa e preguntarse se poden volver para o seguinte ano.
Ao final os organizadores tamén tiveron o seu premio de satisfacción por ver como implicaron a estes cativos nunha xornada de pesca, aprendendo as normas: tallas, cantidade… sabendo divertirse e ao mesmo tempo respectar a natureza. Aínda que non todo é alegría, porque tamén chegou algún desalmado, non tan pequeno, preguntando se colleron moitas, coa idea de sacar o coto o primeiro día hábil, e poder coller as que quedaron, antes de que llas pesque outro do seu mesmo estilo.

Juan M. R. Jallas

A Política

Polo que temos entendido, vde. vinculouse á política desde moi nova.
Efectivamente, a través da Sección Feminina da Falanxe, da que cheguei a ser responsable local durante moitos anos.
E que facía a Sección Feminina?
Realizou un labor moi importante para as mulleres de Outes. Foi a primeira organización que se preocupou pola formación da poboación feminina deste concello.
Como por exemplo?
Por exemplo organizando cursos. De todo tipo: cociña ou costura. Moi concurridos eran uns cursos nos que ensinabamos a manexar as máquinas de coser *Singer*. Esta formación deulle saída profesional ás mulleres que ata entón só realizaban tarefas do campo. Tamén me preocupaba a formación cultural, indispensable para abrirse camiño na vida. Así organizabamos cursos de canto, de baile e sesións de teatro. O teatro, por outra parte, axudábanos a recaudar cartos para as festas.
Colaboraba vde. na organización das festas?
Eu axudaba en todo canto podía ao Dr. Esperante, unha personalidade que era un refente cultural e social en Outes: el levaba o equipo de fútbol e mais as comisións de festas.
Pero como responsable da Sección Feminina tiña máis cometidos.
Si, claro, ademais de ocuparme de excursións, viaxes e estancias en albergues para as mozas de Outes, tamén tiña a responsabilidade de tramitar pensións para xubilados pobres. E había algún rico (e non quero dar nomes para que non se moleste a familia) que pretendía que lle pagasen pensión por pobre e aínda me viñan con chourizos á casa para conseguir o meu favor. Por descontado que marchou con eles.
Ademais o cargo abriulle as portas do concello, non?
Así é, a miña representación da Sección Feminina foi a razón de entrar na corporación municipal cando Gonzalo Pérez Villaverde foi designado alcalde aí polo ano 72 ou 73. Iso converteume na primeira muller concelleira na historia de Outes.
Que recorda do seu paso pola corporación?
Á memoria non me vén máis que foi unha época de intensa electrificación das aldeas, asfaltado de pistas e camiños e construción de beirarrúas; e ademais estiven pouco tempo, porque renunciei a consecuencia dunha bronca cun veciño que, porque se fachendeaba de ser amigo do alcalde, se atreveu a levantar unha beirarrúa que acababa de facer o concello na Avda. de San Campio argumentando que lle entraba auga na casa.

Marujita Tuñas con Gonzalo Pérez Villaverde durante unha representación teatral.

Entrevista a Marujita Tuñas

Maruja Tuñas Blanco (A Serra, 1926) é toda unha institución en Outes, tanto pola súa intensa vida social, coa presenza en actos relixiosos e culturais, afable comunicación con todos os veciños e veciñas e asidua participación en tertulias de café, como pola súa múltiple actividade profesional, política e deportiva, así como por ser un dos poucos parentes vivos do insigne Poeta Añón. Na entrevista que con ela mantivemos na súa casa da Avda. de Compostela, onde nos recibiu con toda cordialidade, foi repasando o máis salientable da súa rica experiencia vital.
De onde lle vén ó parentesco con Añón?
É un parentesco moi afastado, son bisneta de Pepe Tuñas, curmán de Añón por parte materna, a quen lle adicou o poeta un poema.

Fálenos dos seus primeiros anos.
Estudei a educación primaria con Dª Rosa Rodríguez na Serra e logo en Vigo, na Escola de Comercio, do 41 ao 49. Despois da miña *posta de longo* estiven vivindo en Santiago algúns anos, ata que marchei a Madrid, a traballar na oficina do comercio dun parente.
E cando volveu para a Serra?
Cando o meu irmán Quincolo marchou para a Coruña, onde chegou a ser delegado da Coca-Cola. Para entón, miña nai era a encargada, desde o ano 56, da centralita de teléfonos de Outes. Desde o ano 66 fíxenme eu cargo ata o ano 76, que se automatizou o servicio.
Explíquenos algo desa época.
A centralita estaba na nosa propia casa e nun principio atendiamos a só 6 teléfonos, pero ao aumentar, o traballo xa che obrigaba a estar todo o día pendente das chamadas e converteuse nun labor moi pesado. Aínda que o peor eran as tormentas, que facían saltar chispas no cadro. As tronadas chegaron a producirme pánico.
Logo que fixo?
Viaxar, viaxar moito. Son unha viaxeira impenitente. E aproveitando que proveño dunha familia acomodada, visitei case toda España: Salamanca gustoume moito, en Sevilla a feira de abril e as corridas de touros na Maestranza, Santander é preciosa e, sobre todo, Soria, que me encantou. En Barcelona nunca estiven, é unha das poucas

ciudades que me faltan por coñecer, pero a pena que me quedou foi desaproveitar a ocasión de ir a Roma mentres estivo Paco Vázquez de embaixador.

Por que?

Porque nos coñecemos. Por medio do meu irmán relacioneime con moita xente, aínda que algunhas personalidades como Barrié de la Maza ou Alfonso Molina, o que foi alcalde da Coruña, xa as trataba antes, a través do meu pai, que foi moitos anos secretario do xulgado.

Falta aínda que nos conte un pouco do seu labor de bibliotecaria.

No ano 1981 o alcalde Pérez Villaverde pediume que me fixese cargo da biblioteca que o concello quería poñer en funcionamento. Nos primeiros anos estivo ubicada nos baixos da Casa Consitorial. Alí chegou un día un camión con non sei cantas toneladas de libros e dúas *chicas* da Coruña ordenaron un pouco durante un día e despois tiven eu, con moita paciencia, que ir catalogándoo todo, facendo unha ficha de cada libro e poñéndolle unha signatura. Mentres eu estiven alí, ata o ano 92, que me xubilei, levei conta de milleiros de préstamos a centos de nenos do colexio e estudantes do instituto en Noia ou en Santiago. Un voraz lector que nunca deixou de asombrarme foi Manolito "o inglés" (refírese ao membro da redacción desta revista Manuel do Río), capaz de levar un libro de Historia de 500 ou 600 páximas e traelo ao día seguinte lido de cabo a rabo.

Para acabar, vde. vén de superar unha grave enfermidade.

Ui, si. Leucemia ao sangue. Tiven que soportar durísimas sesións de quimio, pero afronteinas con fortaleza. Non me deixei vencer. É máis, polo ánimo que tiña e que lles daba aos demais nomeáronme "animadora oficial de planta". Mirade vós! Aos meus anos, de animadora! (Rise).

Non nos queda máis que expresarlle a nosa admiración polo seu espírito de superación e, por suposto, pola súa xovialidade e o trato cariñoso que depara, non só a nós, senón a calquera persoa, da idade ou condición que sexa, que entra en relación con ela.

O fútbol

Sabemos que vde. é unha gran amante do fútbol.

Si, desde pequena, e aínda hoxe, cos meus 85 anos, sigo indo aos campos de fútbol.

Díganos, de que equipo é vde. seareira.

Eu son seguidora empedernida do Outes C.F. e mais do R.C. Deportivo da Coruña.

Como afeccionada do Outes, terá moitos recordos.

Por suposto, porque eu son a forofa nº 1 do equipo outense. Recordo cando se inaugurou o campo do Areal, sendo o Dr. Esperante presidente, logo o paso polo campo do Bosque ata o actual campo do Cunchido, que é un auténtico estadio comparado con aqueles, nos que non había vestiarios que se puideran chamar así.

Pero tamén viu ao Outes noutros terreos de xogo.

Si, si. Eu acompañaba ao equipo a todos os sitios aos que ía xogar. Levaba pancartas e non paraba de animar. Ás veces recoñezo que me pasaba en increpar ao árbitro e incluso aos xogadores do equipo local.

Iso faríaa obxecto de berros por parte dos seareiros locais.

Claro que si, tanto que un día, en Ponte do Porto, por entrar no campo protestando e interromper o xogo, un dos seus seguidores rompeume un paraugas na cabeza.

E do Deportivo que nos di?

Pois que son unha incondicional dos coruñeses desde hai moitísimos anos, cando era o equipo que lle chamaban *o ascensor* porque non paraba de subir e baixar de Primeira a Segunda. Despois pasamos moitos anos na segunda categoría, pero cando volvemos a Primeira gozamos duns anos gloriosos, con moitos títulos, partidos fantásticos con Bebeto, Mauro Silva e Fran, goles marabillosos de Makaai e vitorias extraodinarias sobre o Madrid, o Barcelona, o Manchester, o Milán… A verdade é que o pasei bárbaro algunhas tardes alí en Riazor.

Agora estará triste porque baixaron a Segunda División.

Home, claro. E os celtistas pretenden mofarse de min, pero enseguida lles respondo que nós polo menos baixamos cunhas copas no peto, que eles baixaron sen nada. De todas formas, se queremos que volva subir temos que seguir animando, por iso a Peña deportivista *Río Tins*, da que son socia fundadora, ten que seguir existindo, non pode desaparecer. Agora temos uns títulos que nos teñen que axudar a manter o orgullo.

Pois máis do mesmo??

A choiva cambiou decote o compás deste atardecer de lecer anodino, sen rumbo fixo, neste intre inmediatao no porvir dos tempos futuros, descoñecidos, adiviñables, tristóns e risoños entre clínex desprezables pola humidade que soportan. Pero a pesar de todo isto hai vida e hai esperanzas nunha incógnita levadeira... que remedio!!, a expensas do letargo perpetuo da desidia e abandono case literal, reflectida no abandono e desidia máis que real do devandito pobo desanxelado e cautivo entre lustros de personalidades egocéntrico-soberbias, e que agora co tempo se pagan todas xuntas á calada...

Pode que escampe nun intre destes ou se poña remoulón e dure un pouco máis, pero o que e certo é que parará... pois todo para cedo ou tarde, pero para, acábase, finito, e volta empezar, pois o mundo rula... Mais no fondo de todo isto quedaron de repouso tantas cousas por argallar, mellorar, arranxar, que dá mágoa erguerse cada mañá e non cabrearse polas oportunidades perdidas que xa non volverán pasar por diante dos nosos ollos cansados, lagrimeiros e medio vencidos... Que xa todo nos dá o mesmo, aínda que só sexa unha expresión gastada e cun sentido cada vez máis certeiro.

De nada vale andar con tanta pompa romana ao arredor dun, se no fondo sabemos que nos levantamos cada día con deberes incompletos, e non será doado enfrontarse aos vellos fantasmas cotiáns, salvo que todo nos importe unha merda e estean aí pola chupadeira de cartos que conleva o de ser dirixente dun concello coma este, pouco ou máis ben nada problemático, fácil de contentar e de conter os leves brotes sexa o caso, que se arranxa con boas palabras e unha palmadiña no lombo. E vaia se funciona!!

O Consistorio é a maior empresa "multinacional local", viveiro de empregos "dáctil-friend", con parque móbil adecuado ás circunstancias e necesidades, pois para pasear dun lado para o outro, café aquí e despois alí, xa está de carallo, ben poden pensar os cidadans... Eu tamén quero chupar desa teta!! Iso si, os impostos a máis, os servizos máis precarios, pero os impostos a máis, soldazos de chapó. Que un alcalde teña bo salario dentro dun límite... vale!!, perfecto, respectable, que non perda cartos, pero que o resta siga as mesmas trazas é insultante... Que é iso de tanta dedicación exclusiva nun concello que de exclusivo ten pouco e mal aproveitado, que non dá recaudado nin para pagar intereses... Menos exclusividade e máis traballar!!

E que dicir da camarilla-séquito ambulante, parafernalia incluída na que só valen para o que foron reclutados, "levantar a man" e punto. Mancos, absterse!! O demais son parvadas. Que temos a vila que dá noxo... Parvadas... Que nos comen as herbas polas beirarrúas... Parvadas... Os sinais medio podres... Parvadas... Que se o botellón nas festas, parvadas. Que repuntan os roubos nos negocios, parvadas... Os municipais non se cansen, que non vaian facer callos nos pés de tanto pasear...¿Seguridade?... Parvadas, se estamos ben así para que mellorar, pois sería unha verdadeira parvada... Que non é demagoxia!!

¿Queredes realidade?... O proxecto do tanatorio público... privado... nuns solares parecer ser que moi ben pagados, iso si ao lado das casas... Iso non importa. Non nos explican nada. Que non é demagoxia!!

Todo cansa menos gañar cartos como excelencias napoleónicas de aires pasados, pois mañá Deus dirá e hai que aproveitar a ocasión, que nestes tempos de intereses interesados e interesantes que corren (xa foron mellores) todo se volve efémero nun abrir e cerrar de ollos. Pois hoxe vai un bo día de sol resplandecente e decote cúbrese o ceo e descarga como un diluvio todas as letanías, chanchullos, comenencias e demais trapalladas que envolve ese gris submundo da política en xeral; e nun intre despois os argumentos deixan de valer para dar paso aos feitos e aí..., aí é onde empeza o declive, a caída libre sen paracaídas... E como se pode supoñer a hostia pode ser grandiosa e sen remisión de culpa ou salvación... Pero é como unha oración aberta e sen concretar nada, pois non é o noso propósito e o tempo é o que ten a última palabra, así que hai que ser pacientes e aceptar a voz do pobo, pois xa temos escoitado a máis dun "elemento" dicir que o concello de Outes é unha "aldea" de ignorantes... Pois a ese "listo" que interprete o resultado das urnas... que interprete... Amén!!

Lusco e Fusco

ASÍ NON

O poste case podre e sostido polos cables.
Fenosa, o Jallas..., ninguén fai nada.
Só cobrar!!...

ASÍ TAMPOUCO

Algúns aínda pensan
que temos o mellor paseo fluvial do mundo.
Andan pouco por el, pois á vista está!!

NIN DE COÑA

Pinus Pinaster...
Un día de ventoleira pode pasar unha desgraza
na Praia de Broña... Despois veñen os apuros!!

A crise do pepino e o peche nuclear alemán

Kiko Vidal

Nestes últimos días, a prensa vén dando información sobre un tema de importante transcendencia económica. É a famosa "crise do pepino" que está poñendo en graves apuros económicos o sector hortofrutícola español, principalmente centrado nas provincias de Almería e Murcia, por seren as zonas de maior produción.

A crise do pepino, pese a tódalas bromas que se están a facer sobre este asunto polo parecido do pepino co órgano masculino por excelencia, é un tema serio. É certo que a estas alturas, e unha vez descartada polas correspondentes análises, a hipótese de que era una bacteria presente no pepino español o causante de varias mortes na Alemania, poidamos considerala unha cuestión superada. Nembargantes, pode que os produtores españois non vaian ser recompensados nunca das perdas económicas producidas por unhas declaracións dun alto cargo político alemán que, sen contar coas probas concluíntes, vinculaba as mortes ao pepino español.

A todopoderosa Alemania, coa súa máxima mandataria, a señora Merkel, hoxe en día a muller máis poderosa de Europa, e a quen lle estou collendo algo de manía, non debería ter o dereito de arruinar os produtores hortofrutícolas, pero sonche cousas da globalización.

A mesma Merkel que ten medo (ou envexa) do pepino español, tamén acaba de tomar a decisión de pechar, moito antes do previsto, tódalas súas centrais nucleares, nunha decisión política para captar parte do electorado alemán, moi sensible con este tema despois do desastre de Fukushima. Podemos, e quero, considerar esta decisión como unha boa nova, pois pode levar a que moitos países acaben secundando esta decisión alemá, reducindo o sempre problemático problema da enerxía atómica.

Agora ben, dubido moito que ese poderoso país rebaixe o seu consumo enerxético, e polo tanto, o peche das nucleares conlevará unha maior produción de enerxía xerada por outros medios. Existe algún iluso que pensa que o apagón nuclear se pode substituír de inmediato con enerxías renovables, e iso non é así. Eu son antinuclear, pero tamén quero ser realista, e polo tanto tamén vos quero dicir que o apagón nuclear alemán vai ter consecuencias negativas, como son:

.- Unha maior utilización das centrais térmicas que consumen carbón e gas. Isto representará para Europa un importante retroceso nas medidas de redución do efecto invernadoiro, e unha maior contaminación atmosférica que, transformada en "chuvia ácida" pode acabar coas leitugas e outros produtos hortofrutícolas, tanto de Almería como do resto do planeta.

.- A maior demanda alemá de combustibles vai supór unha subida do prezo do petróleo e dos seus derivados, o que repercutirá máis aínda no agravamento da crise económica española, dada a nosa dependencia enerxética.

.- Non me estrañaría que o rexeitamento alemán á enerxía atómica acabe incrementando a produción nuclear francesa. Non esquezamos que Francia, principal produtor europeo de enerxía nuclear, é o país que está ao outro lado dos Pirineos. Nos desastres nucleares, o mellor elemento de axuda para a poboación é a distancia, e polo tanto, sairemos prexudicados se os reactores que se pechan en Alemania acaban abrindo en Francia.

Amigos, quero ser antinuclear, pero tamén quero ser realista.

Depuradora de Marlscos

RAMAIS

Fco. Rama Vázquez

O Freixo - OUTES

Móbil: 630 43 43 81 - Part.: 981 76 50 92

LECTURAS RECOMENDADAS

GONZALO ARMÁN
ANACOS D'ALMA
EDICIÓS DO CASTRO
SADA – A CORUÑA 1991

Un sábado calquera do mes de xaneiro e disfrutando duns viños no bar de Amanda cos amigos, chegou o Xastre coa nova da morte do poeta nacido en Outes, Gonzalo Armán. De seguido recordei un libro deste poeta que tiña na casa e que alguén me regalou hai anos, aqueles nos que vivín na Serra. Seguro que foi a nova da súa morte o que me levou a reler outra vez os fermosos poemas de Gonzalo Armán, pero anque o motivo sexa cuestionable, encantoume volver a disfrutar coas poesías e tamén co limiar que lle adica o poeta brasileiro Reynaldo Valinho Alvarez.

Un tema importante na poesía de Gonzalo é a emigración e o exilio, a soeadade, a morriña, están moi presentes en poemas como **"Exilio", "A volta", "Emigrante"** e outros como o titulado **"Anacos":**

Anacos do corazón
deixo en ti, Galicia amada,
anacos é o que che deixo
porque enteiro non está
que noutra terra deixei
os anacos que lle faltan

Pobre de min que camiño
sin corazón e sin alma
que dei os dous a quen quero
amigos, familia e patria
e os anacos que sobraron
deinos a unha terra extraña
que despois de trinta anos
estou no deber de amala

Galicia, foi triste descubrir esto
pois pensei que inteiro estaba
o corazón que che dei, e olla,
cantos anacos lle faltan.

Todos os poemas están cheos de alusións á natureza para describir a paixase de Galiza, "os verdes pinos", "montes", "ríos" "chuvia", "bretema"…. sendo moi emotivos os que adica á súa terra natal nomeando lugares como Outón, Róo, San Cosme, Bendimón **("Tristeza")** Broña **("A Patricia del Rio),** Tremuso, O Cruceiro, Gulfián **("Sombras")**. No poema **"Ría de Noia",** fala de Ponte Nafonso, o Tambre, Cunchido e mesmo fai alusión ó poeta Añón, percorrendo os encantos da ría como se percorrese as partes reprodutoras e sexuais da muller. Porque tamén é un tema importante na poesía de Gonzalo Armán a muller e a relación erótica con ela, boa mostra é o poema **"Desexos"** ou este **"Para ti"**:

Quisera ser coma vento,
para levantarche a saia,
agarimar tuas pernas,
tamén lamber tua cara
engadellar teu cabelo,
avanar tuas pestanas,
eo cabo envolverche toda
coma unha tea de araña.

Ten poemas de carácter político e reivindicativo: **"Liberdade", "Bilingüe"** e este **"Autonomía"** que comeza cos seguintes versos:

Levanta Galicia, a testa levantada
a branda para o mundo as grorias da raza
lembra-lle que foches en eras pasadas
centro de cultura; e de reis amada……

Atopamos neste libro un poema adicado a Rosalía de Castro e outro ó poeta e pensador brasileiro Carlos Drumond de Andrade que é unha homenaxe póstuma titulado "¿E agora Drumond?. Son poemas cargados de emotividade, verbas cheas de sentimento e tristura. Deixo aquí, os últimos versos do poema **"Pranto por Rosalía":**

….Os soños e os cantos con éla se foron
e ficamos todos na triste orfandade
por eso vos digo, cas bagoas nos ollos,
¡Chorade galegos, chorade, chorade!

Este libro editado no ano 1991 contén ilustracións de Alfredo Arias e para min é un pracer que forme parte da miña librería e así volver a el sen motivo ningún, só polo pracer de ler estes versos cheos de amor a Galiza, de compromiso e de sentimento.

Lidia Vicente Lorenzo



DELA POUCO QUEDABA

Caía alí
a historia,
onde nunca se contara.

Cravada no chan
erguíase fálica,
insolente,
desafiante.

E murchaban
no seu arredor,
os outros,
que non querían que fose unha.

Mais era de xentes feita,
de poucas xentes
que pensaban que xuntos eran moitos,
porque sempre estaban xuntos.

E cando chegaba
dende abaixo,
o barullo da maioría,
abafaban coa súa verdade
de realidade feita.

E tocábanos recoñecer
que ela,
a nosa,
xa non era tan alta,
nin a súa arrogancia
tiña xa razón.

Que eramos poucos
e do noso tempo,
da nosa historia,
pouco quedaba xa.

Soledad Agra

CARTAS DA AUSENCIA: TOLPE

Mingucho Campos

30-03-05

Canta o merlo acibeche na ponla da florida maceira, nai das saborosas mazás tabardillas. É o seu o canto do compañeiro namorado adicado á súa fiel e silandeira dama que descansa no nío construído con primor na sebe próxima. Mais tamén é un canto desafiador, altivo, petulante, un canto delimitador dos seus dominios. Claro, alí repousan os froitos do mutuo amor! Chegou a primavera ao Resío, meu compañeiro!

Verderolos, xiríns, mandas de raposeiros paxaros nabiñegos, alindadoras gráciles, xílgaros multicolores, uniformados pinpíns, pardais e rabilongos… Todos afanados na perpetuación imposta pola sabedoría da Natureza. É tempo de crianza e mantenza. É tempo de ledicias, de afanar. Tan só faltan as viaxeiras andoriñas pendurando os seus acubillos ao resgardo do frío e da choiva que antano enchían o espazo de lixeiros e ondulados voos á procura do sustento das súas roladas, das crianzas, meu fiel Tolpe. Tampouco baixa dos chans da Raña o canto do ladino cuco, nin se albiscan as liviás bubelas adornadas de espléndido topete. Si que voan esporadicamente os teus dominios as esqueléticas garzas que constrúen os seus níos entre as canaveiras do Tins, rachando o silencio da tardiña cos seus graznidos, ao igual que os carnazais corvos.

As noites e os días, fábricas perennes do tempo, non foron quen de facer borra-la túa ausencia. Pola contra, lémbranme a túa presenza ao meu carón nas tardes de estío e folganza primaveral. Os camiños da vida son así de desconsiderados con aqueles aos que amamos. Por que?, pois non o sei. O que si sei é que, mentres hai memoria hai vida, e ti es vida na memoria, Tolpe.

Fibi? Coma sempre: tarambaina, tolandrona… Xa sabes, é Fibi. Ti coñecéchela ben porque era a túa compañeira. Cos gatos, mal e cos cadelos do veciño, peor. Que máis queres que che diga?

O verdadeiramente importante é a primavera e que ti estás a vela dende a lontananza da lembranza dos teus dominios, patrullados acotío. Teus, si, teus! Porque, o teu será por sempre de teu e de meu. De noso, Tolpe!

14-04-05

Somos porque estamos ou estamos porque somos? A vida conleva lembranza. A morte, sempre esquecemento. É este o noso caso? Non e non..! Resístome a adentrarme nese dilema filosófico, porque a militancia da vida compartida está e estará decote por riba de toda disquisición ou plantexamento desta índole. Nós somos nós!

A mesma Natureza, á que denantes me referín, fixonos diferentes. Mais esa mesma Natureza xuntounos e uniunos un feliz día nun nó imposíbel de desatar. E esta indisolubilidade tornouse en imposibilidade, en permanencia, en sempre agarimosa lembranza, en permanente nostalxia.

Levantouse un vento toleirón, atolado. Un vento do abril galego, Xa sabes: *marzo chuvioso e abril ventoso fan a maio florido e fermoso*. Os ditos dos vellos sempre cadran. Éche a sabedoría popular desta nosa terra colonizada. Mais como dixo Ramón Cabanillas, unha das figuras máis sobranceiras da nosa literatura: *Está cativa a roseira,/ mais, despois de tanto inverno…/ ¡Galicia ha ter primaveira!/.*

É primavera no Resío e tamén na seara de Entíns, onde as laboriosas xentes da terra aplican os seu esforzos ao cultivo dos eidos, cortiñas, leiras e veigas. Aqueles que nós paseabamos á noitiña acotío.

Lémbraste, Tolpe, daquel branco parrulo que contigo patrullaba o Resío e que nas comúns brincadeiras che metía aquel peteiro groso e plano nas túas fauces? Tamén se foi! O decurso do tempo trae consigo estas circunstancias, mais a vida segue, tanto na realidade coma na memoria.

Cantan os galos ao amencer, substituíndo ao dos cansos grilos da noite. Bo día, meu amigo! Remato por hoxe parafraseando a Xohana Torres: *Ti es para min o lombo dunha sombra/ onde todo resulta preguntado/ e o paso das persoas faise lene…/ Sedento como un mar/ e no teu mar afogado. / Ti es para min a terra dunha tumba, cumpridamente limpa de pisadas…*

Os muíños do Río Tins (III)

Cuarto tramo: Das brañas de Lantarou ás devesas de Boel (1ª parte)

Xoán X. Mariño

Mentres que as brañas de *Os Muíños* e *O Cotro* se prolongan pola marxe esquerda do ***río Tins*** a través de *O Areal* ata *O Catelo*, pola parte contraria, o retraemento das abas surorientais do *Monte Castelo* converte en amplas devesas as estreitas gándaras que, desde Berres, as ladeiras do monte viñan apertando contra o río,

Foto 1. Muíño do Prado

Foto 3. Muíño de Riba

ó tempo que permite ó curso de auga transformar a súa traxectoria diagonal polo municipio por outra case rectilínea de norte a sur só interrompido por un gran peirán que o río salta en ampla e fermosa fervenza, trala cal, o pequeno *alto de Boel*, a última altura de importancia sobre o río, se constitúe en espléndido mirador desde o que se ve toda A Serra, a onde chega o *Tins,* tras unírselle pola dereita o *río de Outes*, que marca o comezo do seguinte tramo. Por estas beiras, nas que se suceden húmidas brañas e fértiles devesas, dispuxéronse outras 12 edificacións para moer, das cales neste número imos ver as situadas na marxe esquerda, correspondentes á parroquia de S. Ourente e Entíns e, no seguinte, as da marxe dereita, pertencentes á parroquia de S. Pedro de Outes.

Muíños de *Os Muíños*

Os catro primeiros pertencen ós veciños do lugar que se chama precisamente *Os Muíños*, casal lixeiramente apartado das beiras do río, para non ser anegado polas súas periódicas enchentes e famoso pola sólida e fermosa **Ponte do Ruso**, erguida a mediados do s. XVIII.

O que comeza a serie é o *Muíño do Prado* (ver foto 1), que se atopa uns 250 ms. augas arriba da Ponte do Ruso, un edificio con paredes de cachotería, menos os esquinais, aleiros e marco da porta, que son de cantería, pedra totalmente traballada que se repite dentro, no paramento inferior e mais nunha caixa empotrada, na que antano ía a cruz do tempero que graduaba a moenda; o resto do interior é de pedra irregular, pero cunha franxa de recebo por riba da sillería, cun pousadoiro triangular de pedra en cada esquina e, no alto, unha trabe de madeira noutrora sostiña a moega, baixo a cal ía o pé do muíño, de 65 cms. de alto e 97 de diámetro, rodeado dunha caixa cilíndrica de madeira da cal só quedan os restos.

Uns 50 ms. augas abaixo está o seguinte, o *Muíño do Gholfo* (ver foto 2), de planta rectangular, coa porta no lado oriental. As súas paredes son enteiramente de cantería e sobre o lintel da porta leva unha inscrición que parece poñer "1904". O interior leva unha repisa de pedra ao redor da estancia a 2 ms. de altura, separando as paredes do tellado, que foi substituído por placas de cemento.

Foto 2. Muíño do Golfo

A continuación, xa preto da ponte que cruza o río en dirección a Berres, áchase o *Muíño de Riba* (ver foto 3), cuxa porta vai precedida dunha pontella que pasa por riba do curso de auga que abastece o muíño seguinte. As súas paredes son de pedra irregular, apenas traballada, salvo esquinais, marco da porta e aleiros, recebadas no interior; o tellado, de dúas augas, está parcialmente desplomado, a moega desprendida e a canle de subministro de auga, totalmente entullada.

Xa a carón das casa do lugar, 75 ms. río abaixo da ponte antes mencionada, está o último dos muíños da aldea, o *Muíño de Abaixo* (ver foto 4); como os anteriores, ten a porta tamén na parede do levante, pero nesta ocasión vai acompañado dun pousadoiro a carón da xamba esquerda; a entrada da auga está no lado norte e saída polo lado contrario, onde ademais se abre

unha ventá que coincide no interior cunha caixa empotrada de cantería na que se dispón un volante de metal que substitúe á cruz do tempero orixinal; no medio da estancia está o pé do muíño, de 45 cms. de alto e 95 de diámetro, sobre un tremiñado que se ergue 15 cms. sobre o nivel da porta. Os elementos de madeira están en perfecto estado, pero, cando o visitamos hai uns poucos anos, xa non moía porque unha enchente do río rompeu a presa que lle subministraba auga e as autoridades competentes non outorgaban permiso para a súa reparación, imposibilitando así non só a súa utilización polos veciños, senón tamén as visitas que anualmente realizaban os escolares do concello para contemplar o proceso de elaboración tradicional da fariña, función educativa que sería desexable que recuperase.

Os muíños do Cotro

Os dous seguintes son os do Cotro e, por achárense no lugar de As Pallagueiras, a miúdo se coñecen con este nome, pero os veciños do Cotro ós que pertencen chámanlles *Muíños da Braña,* e os de Fontenlos, que tamén se servían deles, refírense a eles como *Muíños da Ghándara*. O primeiro, chamado *Muíño de Arriba* (ver foto 5), está situado a menos de 40 ms. das instalacións que o concello de Outes ten a carón da estrada a Mazaricos; as súas paredes, de cachotería, están recebadas no interior agás o paramento inferior, que é de cantería ó igual có marco da porta, esquinais e aleiros, así como a caixa de pedra empotrada no muro meridional, a repisa que rodea a estancia a 2 ms. de altura e a parediña de 25 cms. de alto e 20 de groso que separa o corredor de entrada do tremiñado, en cuxo medio e medio está o pé de muíño de 65 cm. de altura e 1 metro de diámetro, pero un pouco máis ancho na metade inferior. O outro, chamado *Muíño de Baixo* (ver foto 6) está xusto detrás das instalacións municipais que utiliza Protección Civil; é moi parecido ao anterior e, como el, está tamén abandonado, co tellado medio caído e cheo de terra, co agravante de que ademais perdeu o rodicio.

O muíño do Areal

Uns 100 ms. augas arriba da ponte do Areal, no lugar no que fan lindeiro as parroquias de S. Ourente e Entíns, animado todo o ano polos dous restaurantes alí levantados, en torno ós que, pouco a pouco, se foron concentrando vivendas e negocios, atópase o *Muíño do Areal* (ver foto 7), un edificio de planta rectangular, pero que no interior presenta as paredes do fondo curvas, adoptando a forma absidal que temos visto nalgúns outros muíños de Outes, pero de xeito máis pronunciado; caso peculiar, polo tanto, que fai

Foto 4. Muíño de Baixo

que o abandono e, o que é peor, a gran cantidade de material de refugallo que se acumula tanto dentro como no entorno, convertan o seu estado nun espectáculo bochornoso.


Foto 5. Muíño do Cotro 1

Foto 6. Muíño do Cotro 2

Foto 7. Muíño do Areal

Añón en Sevilla. Os anos confusos (II): El porvenir

Ramón Blanco

Algúns biógrafos de Añón (Victorino Novo y García, E. Carré Aldao, Álvarez Blázquez, Carballo Calero) recolleron nos seus respectivos traballos escuetas alusións profesionais da época andaluza: xornalismo e ensino de idiomas.

Xa dixemos no artigo anterior que Bel Ortega deixou probada a ocupación docente do poeta en Sevilla, ao aportar na súa tese doutoral algún daqueles "anuncios" e "avisos" nos que ofrecía as súas lecciónes de idiomas (francés e italiano; "pudiendo además desempeñar la clase de geografía e historia") en *El Porvenir. Diario Político de Sevilla* (publicados, polo menos, desde o 4 de maio –no número anterior de *Terra de Outes* cometemos o erro de escribir "4 de abril"– de 1853 até o 30 de marzo de 1854). E é esta a única evidencia que temos da presenza de Añón na prensa andaluza da época: é dicir, por agora coñecémolo como anunciante, mais non como xornalista, dun xornal hispalense do século XIX. Ben podería ser un dos que lle abrisen as portas tamén como colaborador.



Porta da Carne, Sevilla.
Calotipo, 1850-1851. Vizconde de Vigier

El Porvenir. Diario político de Sevilla foi fundado en 1847, data que dá Bel Ortega, e tamén a que puidemos ver na imaxe que reproducimos, correspondente a un número de 1863. A partir de agora, a fonte bibliográfica do noso artigo é un traballo (Ruiz Acosta, María José (1999): "*El Porvenir*. El sentir de un diario sevillano en la difícil coyuntura de 1848". *Revista Latina de Comunicación Social*, 16. Recuperado o 12 de xuño de 2011 de: http://www.ull.es/publicaciones/latina/a1999iab/102mjruiz.ht) onde se dá como data de nacemento para *El Porvenir. Diario político independiente: diario de avisos y noticias* o 4 de marzo de 1848 e como fin o ano de 1809. A falta de máis datos, por agora, non podemos asegurar que se trate do mesmo medio xornalístico, mais moito do que se diga de un podería valer para o outro, para coñecer as condicións nas que se desenvolvía a prensa progresista española de mediados do XIX.

En outubro de 1847 o xeneral Narváez asume a xefatura do Goberno por terceira vez, durante o reinado de Isabel II, na etapa coñecida como Década Moderada (1844-1854). O movemento revolucionario estendeuse en 1848 pola maioría dos países de Europa occidental, pero o Gabinete de Narváez consegue frealo en España. Aínda así a reacción progresista desencadea varios motíns en Madrid, que teñen eco na capital andaluza, onde o 13 de maio de 1848, o comandante Portal encabeza un alzamento (fallido) ao mando do seu primeiro batallón do rexemento (observen o paralelismo cos sucesos galegos de 1846, tras a sublevación en Lugo do coronel –tamén andaluz– Miguel Solís). Na causa dos progresistas (civís e militares) tamén participaron dirixentes do republicanismo revolucionario español e demócratas. Tras o fracaso, temerosos da represión de Narváez, os progresistas non exaltados optaron pola oposición periodística e crearon órganos de opinión, como foi o caso de *El Porvenir*, para atraer a opinión pública á súa causa.

Naquela época a prensa era un oficio eminentemente artesanal e tiña basicamente unha finalidade política (non informativa; e a nula organización empresarial facía que non fose rentábel economicamente). Os políticos souberon tirar partido deste medio de comunicación.

Na metrópole andaluza fervía a prensa especializada (literaria, mercantil, de xurisprudencia, científica, taurina...): *El Semanario Instructivo, El Estudiante, El Lotero, La Jiralda, El Ramillete de las Damas, El Diario de los Pobres* ou *El Látigo del Teatro*; aos que se uniron en 1848 *El Agua, El Verjel* ou *El Recreo*, así como *El Porvenir*. Nos contidos deste diario incluíanse en último termo os "anuncios".

FEDEROPTICOS
LARRONDO

GRADUACION DE SU VISTA

CONTROL DE LA MIOPIA

LENTES DE CONTACTO

AUDIFONOS PARA SORDOS

CERTIFICACION AENOR DE CALIDAD DE SERVICIO

PORTA DA VILA Nº 13
NOIA
T. 981 822 452

AVDA DE COMPOSTELA 13
OUTES
T. 981 850 953

W.W.W.federopticoslarrondo.com
larrondo@federopticos.com